

**Plan de Prevención e Control sanitario do Centro fronte á COVID-19
Curso 2020-2021**

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (PPCC)

REV. V01 (21/07/2020) Versión Aprobada na Xunta de Facultade de 21 de xullo de 2021

REV.V02 (24/07/2020). Inclúe Addenda adaptación RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Completase coas Liñas básicas de actuación docente no curso 20/21

Contido

| | |
|---|----|
| Contido..... | 2 |
| 1. Introducción..... | 3 |
| 2. Identificación do Edificio/centro | 4 |
| 3. Principios básicos para a prevención da transmisión..... | 4 |
| 4. Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible. | 6 |
| 5. Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada..... | 8 |
| 5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns. | 8 |
| 5.2 Espazos de traballo para a actividade docente | 11 |
| 5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa | 14 |
| 5.5 Despachos | 15 |
| 5.6 Salóns de actos e salas de reunións | 16 |
| 5.7 Salas ou zonas de descanso | 16 |
| 5.8 Bibliotecas e salas de lectura | 17 |
| 5.9 Conserxarías | 18 |
| 5.10 Cafetarías e comedores | 19 |
| 5.11 Prácticas de campo. | 19 |
| 5.12 Congresos, conferencias, encontros | 20 |
| 5.13 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais | 20 |
| 5.14 Limpeza e desinfección | 20 |
| 5.15 Ventilación | 21 |
| 5.16 Coordinación de actividades empresariais | 21 |
| 6. Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento..... | 22 |
| 7. Referencias normativas e bibliográficas | 22 |

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

1. Introducción.

A Universidade de Vigo, atendendo á seguridade sanitaria da Comunidade Universitaria e seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, Ministerio de Universidades, Consellería de Sanidade e Secretaria Xeral de Universidades, establece un plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 na Universidade de Vigo que ten por obxecto dar a coñecer a información técnica e operativa sobre as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-Cov-2, durante a actividade do vindeiro curso 2020-2021, na Universidade de Vigo.

Deste xeito é preciso establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia e da investigación na Universidade de Vigo así como definir unha serie de medidas de prevención e control que permitan garantir a seguridade tanto do persoal traballador da Universidade como do alumnado.

As medidas do plan xeral da Universidade, intégranse no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Será de aplicación a todo o persoal traballador así como ao alumnado da da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Este documento actualizarase en función da información emitida polos organismos competentes.

En función da evolución da pandemia a Universidade de Vigo contempla dous escenarios posibles para o desenvolvemento da actividade no curso 2020-2021:

- **Escenario 1: Normalidade adaptada**
- **Escenario 2: Peche dalgún centro ou confinamento**

Escenario 1: Normalidade adaptada

Escenario no que a actividade presencial pode verse diminuída como consecuencia das medidas sanitarias que poden limitar o aforo tanto nas aulas como outros espazos de traballo. Inflúe na organización da actividade docente e na dos distintos Servizos da da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Establecerase como consecuencia da aparición de casos de COVID-19 nun centro que poda implicar o peche do mesmo ou porque as autoridades sanitarias impoñen limitacións severas de mobilidade ou medidas de confinamento masivo da poboación como consecuencia dun rebrote da pandemia.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

En base á experiencia acumulada da situación vivida no curso 2019-2020, terase previsto:

- O persoal cuxa actividade presencial é esencial para o mantemento da actividade universitaria na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- A organización do traballo non presencial tanto docente como dos restantes servizos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

2. Identificación do Edificio/centro

Nome do edificio/centro: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Enderezo: As Lagoas, Marcosende s/n 36310 Vigo

Campus: Vigo

Código Postal:36310

Aforo máximo do centro: 1463

Aforo COVID-19: 538

3. Principios básicos para a prevención da transmisión.

3.1. Cumprimento medidas e hixiene e responsabilidade individual

En tanto non exista profilaxe ou un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

3.2. Reforzo medidas hixiene persoal

É imprescindible reforzar as medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

A MODO DE RESUME

Obrigatorio o uso de máscara.

Excepcións:

- a. Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida agravarse polo uso de máscara.
- b. En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias

escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavarase as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
 - No caso de tusir e/ou esberrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizarase a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
 - Evitarase tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
 - Practicarase bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitarase o contacto físico nos saúdos. Manterase o distanciamento físico de a lo menos de 1,5 metros.

3.3. Obriga

Será obrigatorio o uso de máscara.

3.4. A obrigatoriedade non será aplicable nos seguintes casos:

- a. Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso de máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia non dispoñan de autonomía para quitar a máscara ou ben presenten alteracións de conducta que fagan inviable a súa utilización.
- b. En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

A MODO DE RESUME

Medidas de actuación para o persoal que presente síntomas:

- a. Contactarase coa persoa do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19.
- b. Acompañaráselle a persoa con síntomas á sala A103 (antiga reprografía)
- c. Seguirase o protocolo establecido no apartado 4 deste documento

4. Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible.

4.1. Persoas con síntomas, diagnosticadas ou en coarentena.

Tanto o PDI, PAS, alumnado como o persoal de empresas externas afectado pola enfermidade COVID-19, que presente síntomas asociados a esta (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado), que se lles diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido, ou que estea en coarentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e terá que comunicalo á persoa ou persoas da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19.

4.2. Cartelería indicativa

Colocaranse carteis a entrada da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para advertir aos asistentes que non accedan a este se están na situación descrita anteriormente.

4.3. Procedemento en caso de presentar síntomas asociados durante a actividade lectiva.

4.3.1.- Se durante a actividade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, contactarase coa persoa ou persoas do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. Acompañaráselle a unha sala da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo elixida previamente, facilitaráselle unha máscara cirúrxica para esa persoa e outra para a persoa que a acompañe e se avisará á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112. Non poderá volver a actividade presencial no Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4.3.2.- En cada edificio destinarase unha sala para dito fin que contará cunha ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal; nos edificios compartidos por varios centros poderán ter unha única sala. Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo tal sala será a Sala Multiusos A103 (antigo espazo de reprografía)

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotaranse nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados os panos, luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Ventilarase dita sala como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fora posible e deberá comezar alo menos 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa. A empresa concesionaria (Lacera Servicios y Mantenimiento S.A) será a encargada de tal información e formación.

Dentro do protocolo de limpeza e desinfección da sala anteriormente citada, despois da atención dunha persoa con síntomas, incluír as reixas de impulsión e retorno de aire, extraer, limpar e desinfectar o filtro da unidade interior se houbera (fancoils, split). Limparase e desinfectarase a unidade interior, no caso de existir, pulverizando unha solución desinfectante.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Protocolo de actuación ante a aparición dun caso sospeitoso de COVID-19” coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros.

4.4. Persoal e alumnado vulnerable.

O persoal da Universidade que pertenza á poboación vulnerable para COVID-19 seguirá as indicacións do persoal sanitario do Servizo de Prevención da Universidade. Se algún alumno/a é vulnerable para COVID-19, seguirá as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto ás medidas de prevención máis adecuadas.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Procedemento de valoración de grupos vulnerables da Universidade de Vigo” coas indicacións que marca a normativa vixente.

4.5. Persoa designada polo centro

Na Facultade de Ciencias Xurídicas a persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 será o Decano. A identidade de esta ou estas persoas, deberá ser comunicada ao persoal do centro así como ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

5. Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada

5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns.

Daráselle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.

Ao acceder ao centro e ao saír, lavaranse as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou no seu defecto utilizarase solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

As entradas e saídas deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros. De forma xeral manterase dita distancia entre as persoas en todos os espazos dos centros da Universidade de Vigo.

O centro conta cunha sinalización axeitada para favorecer o movemento das persoas evitando cruces e garantindo a distancia de seguridade.

5.1.1. Portas

O acceso e saída do centro realizarase por portas diferentes.

Respectarase a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes

A MODO DE RESUME

Criterios de prevención:

- a) Ao acceder ao centro e ao saír, lavaranse as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou solución alcohólica.
- b) As entradas e saídas deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros.
- c) Respectarase a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respectarase para evitar cruces de persoas seguindo a sinalética.
- d) Nos corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos seguindo a sinalética,
- e) O uso dos ascensores limitarase ao mínimo imprescindible e fomentarse o uso das escaleiras.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

das de saída respectaranse para evitar cruces de persoas.

No caso de emerxencia, utilizaranse para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.

Sempre que se poida, manteranse as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

5.1.2. Corredores e escaleiras

Respectaranse os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes.

Se están sinalizados os sentidos seguiranse as indicacións, no caso contrario circularase sempre pola esquerda. Nos corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Nos corredores e escaleiras onde o ancho non permita manter a distancia de seguridade seguiranse as indicacións da sinalización respectando o sentido que ten preferencia.

Non se deben manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito.

Nas bancadas dos corredores, ocuparanse os asentos de maneira que se garanta a separación como mínimo de 1,5 metros. Sinalizar os asentos que se poden utilizar.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Estará sinalizado na entrada dos centros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

O centro conta cunha sinalización axeitada para favorecer o movemento das persoas evitando cruces e garantindo a distancia de seguridade.

5.1.3. Ascensores

O seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e fomentaranse o uso das escaleiras. Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do 50% da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.

Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante.

5.1.4. Aseos

Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada.

Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros. A ocupación máxima estará indicada á entrada dos aseos mediante un cartel.

5.1.5. Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras.

Os surtidores e fontes de auga anularanse.

Ao remate do uso das máquinas expendedoras e fotocopiadoras, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

- f) Evitarase no posible tocar calquera superficie nos aseos
- g) A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados.
- h) Os surtidores e fontes de auga anularanse.

toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas. Para accionar os botóns destas máquinas recoméndase o uso da man non dominante.

O titular das máquinas expendedoras asegurará o cumprimento das adecuadas medidas de hixiene e desinfección daquelas.

5.1.6. Vestuarios.

A ocupación máxima para o uso dos vestuarios será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. No caso de persoas que precisen asistencia, permitirase tamén a utilización pola persoa acompañante.

Levarase a cabo a limpeza e desinfección das instalacións prestando especial atención nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, bancos, perchas etc.,

5.2 Espazos de traballo para a actividade docente

5.2.1. Aulas

Garantir que o número de estudantes na aula non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes tendo en conta o aforo COVID consignado no Anexo II do documento Liñas básicas de actuación no curso 20/21 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dispoñible en: <http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/avisos/linas-basicas-de-actuacion-para-o-curso-2020-2021>

Mentres as autoridades competentes non marquen un aforo máximo para as aulas, este non será en ningún caso superior a unha persoa por cada 2,5 metros cadrados. A distancia entre o profesor/a e o alumno/a máis próximo/a debe ser como mínimo de 2 metros.

Cando o número de persoas que se poda incorporar na aula sexa menor ó número de matriculados, disporase de docencia mixta, con alumnos/as presentes na aula e alumnos/as seguindo a actividade docente mediante videoconferencia, tal como se establece nas “Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la Comunidad Universitaria para adaptar el Curso Universitario 2020-2021 a una Presencialidad Adaptada”.

Sempre que sexa posible, no correspondente á actividade presencial, estableceranse grupos de persoas pequenos e estables.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o profesorado e alumnado, dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara na aula en ningún momento.

Dita obrigatorioidade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas das aulas. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatorioidade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Así mesmo será obrigatorio o seu uso nos corredores escaleiras e zonas comúns como se indica no parágrafo 4 do apartado “corredores e escaleiras”. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatorioidade do uso da máscara indicados no punto 2 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Ao acceder á aula, lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nas aulas. Farase o mesmo ao rematar a clase. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc.

A indumentaria bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

A MODO DE RESUME

Criterios de prevención nas aulas:

- a) Será obrigatorio o uso de máscara durante a actividade presencial da docencia nas aulas aínda que se poida garantir a distancia de seguridade
- b) Será obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado en todo momento.
- c) Non se compartirán obxectos persoais
- d) A indumentaria bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.
- e) Estarán dispoñibles na aula, panos ou papeis e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad.
- f) Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire
- g) Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas

Evitarase na medida do posible, o paso de persoas entre filas para respectar a distancia de seguridade.

A entrada e saída farase gradual. A apertura das portas realizarase con antelación suficiente para evitar aglomeracións. De existir pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso sexa gradual.

Estará prohibido deixar obxectos no salón de actos ao rematar o acto ou na sala despois de cada reunión.

Se é posible deixaranse as portas abertas durante o seu uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección antes e despois da súa utilización así como a ventilación. Ventilarse como mínimo durante uns 15 minutos entre o remate e o comezo de outro acto ou reunión.

Contarán con solucións alcohólicas.

Estarán dispoñibles na aula, panos ou papeis e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad para os estudantes e os profesores/as que desexen utilizalos para a desinfección dos seus postos.

Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, tanto do edificio como das aulas.

5.2.2. Laboratorios e talleres de docencia

Garantir que o número de estudantes no laboratorio ou taller non supere a capacidade do mesmo tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

Nas prácticas experimentais os grupos de alumnos deberán ser homoxéneos, é dicir, se se teñen 2 grupos concedidos con 36 alumnos, deberán ser 18 e 18 os alumnos asistentes e non 24 e 12 para unha mellor distribución na aula. Estes grupos deberán manterse ao longo de tódalas prácticas recomendándose que coincidan cos grupos de aula teórica.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o profesorado e alumnado, dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara no laboratorio ou taller en ningún momento.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Dita obrigatoriedade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas dos laboratorios e talleres. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Recoméndase que nas prácticas experimentais os equipos sexan manipulados por un único alumno, estando os demais realizando outras tarefas.

Contemplanse excepcións ao uso da máscara naquelas prácticas que pola súa natureza o esixan. A continuación refírense algúns destas excepcións:

5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre os postos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal ou realización de quendas. O uso da máscara será obrigatorio tanto fora como dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

Non se excederá o aforo máximo que permita garantir o distanciamento social e establecerase a distancia de seguridade recomendada entre o persoal usuario. Poderá sinalizarse no chan.

Prestaranse os servizos preferentemente por vía telemática mediante solicitudes.

Cando sexa imprescindible a atención presencial por parte das persoas usuarias, atenderanse previa cita e desinfectaranse as superficies nas que tivo contacto, unha vez rematada a consulta.

Evitarase a formación de filas e permanencias prolongadas en espazos pechados.

Na medida do posible reducir o intercambio dos documentos en papel e substituílo por formatos electrónicos

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade, durante a espera.

A atención ao público farase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto se gardará a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Evitarase compartir material como bolígrafos, lapis, carpetas. Para isto cada quen terá o seu material diferenciado.

Os servizos contarán con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad, así como solucións alcohólicas e panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.5 Despachos

Impedirase o acceso ás persoas usuarias aos despachos e ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecharanse ou instalaranse elementos de división. Será obrigatorio o uso da máscara tanto fora como dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho, se é posible, abrindo as ventás. Recoméndase non ter alfombras.

Nos despachos compartidos, respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros sempre que non dispoñan de barreiras tales como paneis dunha altura mínima de 2 metros. No caso de non ser posible, eliminar algúns dos postos. Será obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión..

Nos despachos do profesorado, en relación coas titorías, evitarase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Realizar, na medida do posible, a atención ao alumnado, mediante ferramentas informáticas e Internet, evitando a atención directa no despacho. En xeral, o profesorado

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

- a) Impedirase o acceso ás persoas usuarias aos despachos e ás zonas non habilitadas para a súa circulación.
- b) Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho
- c) En relación coas titorías, evitarase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume
- d) As reunións do persoal PDI ou PAS realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais

favorecerá as titorías *online* ou por correo electrónico. De non ser posible, tanto o profesor ou profesora como o estudante, utilizarán máscara e manterán entre eles, se é posible, unha distancia de 1,5 metros.

O persoal que ocupa o despacho facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar o mesmo, despexándoo o máximo posible.

5.6 Salóns de actos e salas de reunións

As reunións do persoal PDI ou PAS realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais sempre que sexa posible no caso de non ser posible, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 2 Principios básicos para a prevención da transmisión. Estas persoas non deberan estar de forma presencial na reunión ou acto.

Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes Sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Na entrada dos salóns de actos e das salas de reunións sinalizarase o aforo máximo COVID. Tamén se sinalizará mediante carteis as medidas hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a actividade e velarase polo seu cumprimento.

No caso dos salóns de actos a ocupación non superará o 75% do aforo permitido con un límite máximo de trescentas persoas. Se se utilizara como aula teranse en conta as indicacións do apartado

5.7 Salas ou zonas de descanso

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Só se poderá quitar a máscara para comer ou beber.

Estableceranse quendas para acceder de forma gradual ás zonas habilitadas para descanso e sempre respectando a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.

Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes Sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Non compartiranse comidas, bebidas, vasos, botellas ou cubertos.

Estará prohibido deixar obxectos enriba das mesas.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Se se utilizaran equipos comúns como fornos, microondas, neveiras, etc., limparanse pomos e mandos antes e despois de cada uso.

Lavaranse as mans ao chegar e ao saír ou no seu defecto utilizaranse solucións alcohólicas.

Limparase a mesa antes e despois de cada uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección así como a ventilación. Manter as portas abertas e ventilar a sala como mínimo durante 15 minutos despois das quendas de comida.

Contarán con solucións alcohólicas para a desinfección das mans, con limpadores e desinfectantes de superficies e con panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.8 Bibliotecas e salas de lectura

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

A ocupación das salas non superará o setenta e cinco por cento da súa capacidade ou aforo máximo permitido. Indicalo aforo na entrada e sinalizar aqueles asentos que non se poidan utilizar.

Impedirase o acceso ás persoas usuarias ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecharanse ou instalaranse elementos de división.

A atención ao público realizarase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardar a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros; esta distancia deberá estar marcada no chan. Ditas pantallas ou barreiras cubrirán ata 2 metros dende o chan. Para os usuarios será obrigatorio o uso de máscaras sen válvula de exhalación.

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade, durante a espera.

Nas zonas de acceso e nos puntos de contacto co público colocaranse dispensadores de solucións alcohólicas ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad.

Os servizos de emprésto realizaranse preferentemente por vía telemática mediante solicitudes. Estudarase a posibilidade de habilitar formularios online para a petición dos fondos da biblioteca, de forma que cando as persoas usuarias teñan que acceder ás instalacións, dito pedido estea preparado para que só teñan que recollelo no mostrador de préstamo.

Despois de cada préstamo ou devolución desinfectarase o mostrador.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Estableceranse protocolos de recollida de material devolto. Recoméndase colocar caixas ou outro sistema para a recollida dos fondos da biblioteca así a persoa usuaria depositará os libros nelas evitando o contacto directo entre os libros e o persoal da biblioteca.

O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores. Estableceranse protocolos de envío e recepción de documentos para garantir que pasaron a corentena.

Nos postos de lectura garantirase a distancia de 1,5 metros, sinalizaranse os postos habilitados. En ningún caso colocarse a persoa usuaria fronte a outra.

Cando a persoa usuaria abandone o posto de lectura, este se limpara e desinfectará. Estableceranse sistemas que aseguren que os postos que se van utilizar estean limpos e desinfectados para o seguinte usuario/a, para isto poderán utilizarse sistemas como notas, adhesivos de cores diferentes, etc..

Colocaranse carteis informativos sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios.

5.9 Conserxarías

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

A atención ao persoa usuaria farase sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardando a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Impedirse o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría

Na recepción e entrega de paquetes de grandes dimensións ou na manipulación de mobiliario nas que estean implicadas máis dunha persoa e non se poida gardar a distancia de seguridade, será obrigatorio o uso de máscara.

Habilitarase unha caixa para que as persoas usuarias depositen o material prestado evitando así o contacto físico. Desinfectarase todo o material antes do seu almacenamento. O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores.

Tanto na recepción como no reparto do correo e paquetería utilizaranse luvas que se desbotarán unha vez termine a manipulación sempre que non sexan reutilizables; neste caso ao rematar desinfectaranse e se lavaran as mans con auga e xabón durante ao menos 40 segundos.

Cando se realice o reparto nos centros por máis dunha persoa será obrigatorio o uso de máscara.

Organizarase co persoal de conserxería o lugar onde se depositará o correo e a paquetería evitando así, no posible, o contacto con outras persoas.

5.10 Cafetarías e comedores

O/a titular da cafetería do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación para estes locais. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluírá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Guía de Actuacións dos titulares e persoal das cafeterías e comedores situados nos centros da Universidade de Vigo” coas indicacións normativas que deberán cumprir ditos locais.

5.11 Prácticas de campo.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Utilizaranse máscaras sen válvula xa que nas máscaras con válvula o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Se foxe necesario compartir material, este desinfectarase ao rematar o seu uso.

É necesario dispoñer de solucións alcohólicas e panos o toallas que se poidan desbotar.

En canto á utilización de autobuses ou de vehículos de ata nove prazas, tanto da Universidade como de empresas externas para a realización das prácticas de campo, respectárense as instrucións do condutor así como as seguintes indicacións:

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

- Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.
- No interior dos vehículos, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos.

5.12 Congresos, conferencias, encontros

A celebración de congresos, encontros, conferencias e eventos, no ámbito da investigación científica e técnica, do desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente.

Permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar o setenta e cinco por cento do aforo permitido do lugar da celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre. En todo momento deberá cumprirse a obriga da distancia esixida de 1,5 metros, deberá fomentarse a participación non presencial de aqueles que poidan prestar a súa actividade a distancia.

5.13 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

5.14 Limpeza e desinfección

A empresa adxudicataria da limpeza do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluírá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Protocolo de limpeza nos centros da Universidade de Vigo” coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros en cuanto á limpeza e desinfección dos mesmos. Dito protocolo tomarase como referencia pola empresa adxudicataria da limpeza do centro.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

Reforzase a limpeza e desinfección dos centros en función das características e usos dos mesmos.

Empregaranse sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies.

5.15 Ventilación

Realizase de forma natural mediante a apertura de portas e fiestras a lo menos 15 minutos sempre que sexa posible, varias veces ao día, ao iniciarse e ao finalizar a actividade do centro, mesmo aínda que haxa ventilación mecánica. Naqueles espazos de traballo nos que non existan fiestras procurase manter a porta aberta. Demostrouse co risco de contaxio por vía aérea no interior dos edificios é máis elevado cando existe pouca ventilación.

Unha mellora na ventilación fará un edificio máis seguro aínda que podería non alcanzar as condicións óptimas de confort ademais de aumentar o consumo enerxético.

En interiores asegurar unha humidade relativa entre 30% e 70% en interiores.

Evitar a recirculación do aire e reforzar a limpeza dos filtros de aire. No caso de ter sistemas de climatización evitase na medida do posible a recirculación do aire nas UTAs. Traballarase co 100% de aire exterior.

Cando sexa posible, os sistemas descentralizados como as unidades de fan-coil ou os pequenos equipos autónomos que utilizan a recirculación local, deberan apagarse para evitar a propagación do virus que estivera en partículas en suspensión. Este tipo de unidades, xeralmente, teñen filtros grosos que no reteñen partículas con carga viral.

5.16 Coordinación de actividades empresariais

Asegurase o intercambio de información coas empresas da distancia de seguridade e dos procedementos de hixiene e prevención necesarios para evitar o risco de contaxio.

Na biblioteca da aplicación E-Coordina atopase o “Protocolo de seguridade fronte ao COVID-19. Orientacións preventivas: Persoal de empresas externas alleas á Universidade de Vigo”.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

6. Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Seguiranse as indicacións que no seu momento marquen os organismos competentes.

7. Referencias normativas e bibliográficas

- Buenas prácticas en los centros de trabajo. Medidas para la prevención de contagios del COVID-19. Ministerio de Sanidad.
- Real decreto-lei 21/2020 do 9 de xuño de medias urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la comunidad universitaria para adaptar el curso universitario 2020/2021 a una presencialidad adaptada. 10 de junio de 2020.
- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e as súas modificacións.
- Recomendacións de operación y mantenimiento de los sistemas de climatización y ventilación de edificios y locales para la prevención de la propagación del SARS-Cov-2. Coordinada por los Ministerios de Sanidad, Transición Ecológica y Reto Demográfico y el Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía. 22 de junio de 2020.
- Resolución de 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galiza de 25 de xuño de 2020, polo que introdúcese determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a nova normalidade.
- Guía de recomendacións para unha universidade segura. Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo

- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus. Xunta de Galicia. 2 de xullo de 2020.
- Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2 de 6 de julio de 2020.
- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Este documento está en revisión permanente

REV.V03 (18/09/2020). Inclúe anotacións feitas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo